

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 14 DE AGOSTO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 13:30 do día Catorce de Agosto do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 07/08/2024 (Registro de entrada nº 20.104), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquiñas), o día 16/08/2024, nas inmediacións da Capela de San Roque, co motivo da celebración da Festa de San Roque.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquiñas), o día 16/08/2024, nas inmediacións da Capela de San Roque, co motivo da celebración da Festa de San Roque.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



2.- VAO PERMANENTE – Andrés Rial Triñanes

Visto o escrito presentado por **Andrés Rial Triñanes**, de data 09/08/2024 (Registro de entrada nº 20.250), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Cruceiro de Cruces, nº 9 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/08/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Andrés Rial Triñanes**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,50 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Cruceiro de Cruces, nº 9 (Palmeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

3.- AUTORIZACIÓN LICENZA DE ARMA TIPO CARABINA – Empresa Pública de Servicios Agrarios Gallegos, S.A.

VISTA a solicitude presentada por **D. José Antonio Segade Santos**, DNI ***564***, domicilio en Avda La Paz, 31, Baixo C, Palmeira. Ribeira (A Coruña) en nome e representación da entidade **SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos SA)** e rúa Vía de Marconi, (PI Tambre), 14, 15890, Santiago de Compostela (A Coruña) para a obtención de cartón de armas e categoría (**licenza de “arma tipo carabina”**) das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Reglamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.»

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:



«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avencindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 7 de agosto de 2024, e facturas das “armas” (carabinas) para as que solicita licenza

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía de data 14 de xullo de 2024, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. José Antonio Segade Santos**, DNI 52456450M, domicilio en Avda La Paz, 31, Bajo C, Palmeira. Ribeira (A Coruña) en nome e representación da entidade **SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos SA)**, licenza para as armas (carabinas, tipo 4.2), que se relacionan a continuación:

- **8 Carabinas SEMIATOMÁTICAS TIPO 4a A ECLIPSE EME EMF 100 CAL 0.68:**
17060-18532
17060-18375



17060-17644
17060-17740
17060-17948
17060-17722
17060-18482
17060-18774

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, aos efectos previstos no artigo 54.3 do **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

4.- AUTORIZACIÓN SINALIZACIÓN VIAL EN PARADA DE AUTOBÚS NA AMEIXIDA

Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Policía Local, de data 12/08/2024, relativo á conveniencia de sinalización na parada de autobús situada na Ameixida debido ao seu estado deficiente e falta de seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a dotación de sinalización na parada de autobús situada na Ameixida (con marcas viais no pavimento coa inscrición "BUS" e sinal S-19 de parada de autobús), segundo o contido do citado informe policial.

5.- AUTORIZACIÓN PINTADO DE MARCA VIAL HORIZONTAL AMARELA

Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Policía Local, de data 09/08/2024, relativo á conveniencia de pintado de marcas viais horizontais amarelas nas rúas Lagarto e Vella (Aguíño), debido á dificultade ou imposibilidade de xiro por mor dos vehículos estacionados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o pintado de marcas viais horizontais amarelas nas rúas Lagarto e Vella (Aguíño), segundo o contido do citado informe policial.

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DE SINAIS PUBLICITARIAS EN VÍA PÚBLICA – Diego Rafael Folgar Dorado

Visto o escrito presentado por **Diego Rafael Folgar Dorado**, de data 25/04/2024 (Registro de entrada nº 10.508), no que solicita autorización para a instalación de 2 carteis publicitarios do seu establecemento hostaleiro "A Taberna do Argentino" (Carreira) na vía pública.

Visto o informe emitido en sentido desfavorable pola Policía Local, de data 09/08/2024, no que sinala:

"En relación con el escrito arriba referenciado sobre la instalación de una señal vertical de



PUBLICIDAD, para las inmediaciones del complejo deportivo a Fieiteira y otra en las inmediaciones de la Capilla de la Guía, del local de hostelería “A Taberna do argentino”, ubicada en el lugar de campos nº 42, INFORMA:

Actualmente el concello de Ribeira no dispone de una Ordenanza específica de instalaciones publicitarias en la vía pública, se aplica conforme a la normativa de Tráfico R.D 1428/2003, de 21 de noviembre, señalizando con señales de servicio, además con carteles de interés cultural, turístico etc. Siguiendo el criterio para de protección de paisaje urbanístico y evitar la proliferación indiscriminada de anuncios con esta actividad, la protección y mejora de los valores del paisaje urbano y la imagen de la ciudad, la publicidad incontrolada basándose en carteles, pegatinas, etiquetas, rotulación, etcétera, fijada sobre paramentos de edificios e instalaciones, obras públicas, elementos de mobiliario urbano, no es permisible dentro del término municipal, siendo de aplicación el régimen sancionador establecido en la ordenanza Municipal de limpieza del año 1992, calificado como falta grave.

Siguiendo este criterio **sería conveniente no conceder** autorización para este tipo de señalización, como sucedió en casos similares, evitando con ello la proliferación de las mismas por todo el término municipal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda non conceder autorización** a Diego Rafael Folgar Dorado para a instalación de 2 carteis publicitarios do seu establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira) na vía pública, según as razóns argumentadas no citado informe policial.

7.- AUTORIZACIÓN AO CENTRO RECREATIVO DE ARTES PARA A CELEBRACIÓN DA XIV CARREIRA POPULAR DE ARTES “CARREIRA DO DEMO”

LOGO DE VER que D. Manuel Reiriz Dios, en representación Centro Recreativo de Artes, presenta escrito de data 01/08/2024, con número de rexistro de entrada municipal 19.613, solicitando autorización para poder celebrar a XIV Carreira Popular de Artes – “Carreira do Demo”, con saída e chegada no Centro Recreativo de Artes, o domingo 18 de agosto de 2024, a partir das 10.00 horas. Tamén solicita:

- Colaboración da policía local.
- Sinais e Vallas.
- Podio.
- A utilización do polideportivo de Artes en horario de mañá.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.



E DE VER os informes-propostas do técnico de deportes municipal de data 12-08-24, e do Concelleiro Delegado de Deportes, de data 12-08-24, favorable á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización ao Centro Recreativo de Artes para a celebración da XIV Carreira Popular de Artes – “Carreira do Demo”, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **18 de agosto de 2024** a partir das 10.00 horas e ata que remate a proba. Esta autorización, non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- **Ceder para o día da proba:** Vallas e sinais para o desenvolvemento da proba (As que sexan necesarias segundo a policía local).
- **Cedera para o día da proba:** O podio para a entrega de trofeos.
- **Aportar efectivos de protección civil e policía local** (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe da policía local ou persoa na que delegue).
- Os efectivos de protección civil e policía local poderán abandonar a proba en caso de emerxencia grave.
- **Autorizar o uso do polideportivo de artes**, o día da proba en horario de mañá.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL E BARRA NA ROMARÍA DE SAN ROQUE – Espectáculos Cantaruxa

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo. Festexos Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á solicitude de autorización para actuación musical y barra na Romaría de San Roque, e na que expón:

“Expoño:

- *Recíbese petición de David Sampedro González, en nome da sociedade Espectáculos A Cantaruxa SL, rexistro de entrada na sede electrónica número 2024 18844 interesando participar na Romaría de San Roque, o día 16 de agosto de 2024 mediante:*



- A colocación dun posto de venda de polvo
- Actuación dun grupo musical (sesión vermú)
- Colocación dunha barra de hostalería para dar servizo aos asistentes destinado á financiación da actuación musical.

- Solicita permiso para instalar o posto de venda de polvo, actuación dun grupo musical e colocación dunha barra na Romaría da Capela de San Roque o vindeiro 16 de agosto de 2024.

En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2018) así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, con anterioridade á data de celebración do evento en relación a actuación musical, deberá dispor de:

- ✓ Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pago.
Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ Declaración responsable asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.
- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1. Autorizar a celebración dunha actuación musical, sesión vermú nas inmediacións da Capela de San Roque, no lugar da Granxa, Carreira o día 16 de agosto de 2024.
2. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:
 - ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
 - ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.



- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.

3. Comunicar ao solicitante que

- ✓ Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.

4. Dar traslado deste acordo á Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico e sinalización viaria.

9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Juan José Hermida Fraiz (CLANDESTINO)

VISTO o escrito presentado por Juan José Hermida Fraiz, en representación do establecemento “Bar Chevi” (Palmeira), de data 07/08/2024 (Rexistro de entrada nº 20.079), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Chevi” (Palmeira), o día 16/08/2024, a partir das 20:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Juan José Hermida Fraiz, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Chevi” (Palmeira), o día 16/08/2024, a partir das 20:30 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Chevi” (Palmeira) (Juan José Hermida Fraiz), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente*



exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 13:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

